

O peso da historia. Aventuras na fin do mundo

- “Andaba falto nos últimos tempos o sistema literario galego dunha gran novela de aventura e quizais, tamén, dunha gran novela do mar.”

- “Andaba falto nos últimos tempos o sistema literario galego dunha gran novela de aventuras e quizais, tamén, dunha gran novela do mar (...). *Costa do Solpor* cobre en parte os dous ámbitos, agasallándonos cun mundo ficcional pouco común, que non alleo, entre nós. “

- “Neste relato detallado (en que se percibe claramente a condición de historiador de Lema), que é adobiado con notas a rodapé e un acaído mais longo apéndice, por veces a historia oficial acaba por enchoupar demasiado a ficción. Por sorte, non coma contrapunto mais si coma complemento para os lectores e lectoras non tan apaixonados polos feitos do pasado, as tradicións e lendas e certos personaxes xa mitificados pola nosa comunidade veñen adobiar axeitadamente unha trama que, se a algo se arrisca, é a que esa extrema autorreferencialidade temporal se volva contra si.

-“Solposto é, por todo isto, un universo completo e altamente recomendable, sobre todo para aqueles que sempre quixeron saber todos os detalles da viaxe de Jim [Hawkins] e para as que gustan de mergullarse na historia –con maiúsculas- porque ela é, en si mesma, un obxecto estético desexable”.

(Montse Pena Presas, ‘Faro da Cultura’ VI, *Faro de Vigo* 25-4-2013)